



Concello da Coruña

Area / Unidade RR.HH PE0000 MALB	Documento 10819I080S	
Código de verificación  6S4G 2F6X 3N4D 6Q6T 1DCO	Expediente 108/2021/2211	
	Data 28-07-2025	

ANUNCIO

Asunto: Desistencia de oficio do proceso selectivo convocado para a cobertura, pola quenda libre, dunha praza de psicólogo/a clínico/a (subgrupo A1), da escala de administración especial, incluída na oferta de emprego público do Concello da Coruña do ano 2018 (C.E. 19/18).

O concelleiro delegado responsable de Economía e Planificación Estratéxica, por delegación da Xunta de Goberno Local, con data do 28 de xullo de 2025, adoptou a seguinte resolución:

1. Iniciar a tramitación do procedemento de desistencia de oficio do proceso selectivo convocado no Boletín Oficial do Estado núm. 226, do 20/09/2022, para a cobertura, pola quenda libre, dunha praza de psicólogo/a clínico/a (subgrupo A1) da escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos superiores, incluída na Oferta de emprego público do Concello da Coruña do ano 2018 (C.E. 19/18), pola concorrencia das seguintes causas de interese público:
 - A transformación da devandita praza en 1 praza de psicólogo/a, polas razóns expostas no informe proposta do acordo da Xunta de Goberno Local, de data 21/04/2025, adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 23 de abril de 2025 e publicado no BOP núm. 81 do 30/04/2025, que se recollen no punto terceiro dos antecedentes do presente informe (...obedecen tamén a unha mellor planificación dos recursos humanos do Concello, nos termos establecidos no artigo 69 do TREBEP, analizadas as necesidades das distintas áreas, o sistema competencial municipal, as técnicas de xestión e planificación da actividade administrativa municipal para encarar unha xestión eficiente dos recursos, neste senso os coñecementos e habilidades na toma de decisións, a planificación e a avaliación de programas de goberno coa conseguinte actividade de implementación administrativa, son cada vez máis demandadas tanto no sector privado, como no ámbito público. Xa que logo búscase readaptar as prazas ofertadas ás necesidades reais de efectivos da organización.”)
 - As necesidades reais do servizo de adscripción da praza (Servizos Sociais), que require dun perfil profesional distinto para o desempeño das funcións requiridas no servizo.
 - A mellora na eficacia e eficiencia das actuacións desta administración, orientadas ao servizo do ben común.
 - O cumprimento dos principios de proporcionalidade e racionalidade respecto da xestión dos recursos humanos do concello.
2. Notificar de forma individual esta resolución ás persoas aspirantes que figuran na listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as, publicada no BOP núm. 194, do 10/10/2023, así como publicar esta resolución para xeral coñecemento na intranet municipal (SPO-Alfresco) e na páxina web do concello (<https://www.coruna.gal>), outorgando aos interesados un trámite de audiencia por prazo de dez días hábiles a efectos de posibles alegacións,



Concello da Coruña

3. Enmarcado na planificación e ordenación estratéxica dos recursos humanos do Concello da Coruña, unha vez acordada esta desistencia, iniciaranse os trámites administrativos para realizar a nova convocatoria do proceso selectivo para a cobertura, pola quenda libre, da praza de psicólogo/a (subgrupo A1, escala de administración especial, subescala técnica, clase técnico superior) resultante da modificación da oferta de emprego público da Concello da Coruña para o ano 2018 (BOP núm. 81, do 30/04/2025) así como da praza de psicólogo/a (subgrupo A1, escala de administración especial, subescala técnica, clase técnico superior) incluída na OEP do ano 2022 (BOP núm. 95 do 20/05/2022).

Para calquera información complementaria, remita a súa consulta ao correo electrónico recursoshumanos@coruna.gal.

A Coruña, na data da sinatura electrónica deste documento

O director da Área de Administración Xeral

Manuel Ángel Jove Losada